

## Normas Técnicas

### NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA PARA APICULTURA E PRODUTOS DA APICULTURA.



COPIA CONTROLADA:  Non  Sí: nº \_\_\_\_\_ Assignada a: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

# *NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA PARA APICULTURA E PRODUTOS DA APICULTURA*

#### MODIFICACIÓNS RESPETO Á EDICIÓ N ANTERIOR:

- Actualízase o apartado 3 - Referencias.

Elaborado pola Dirección Técnica:

Revisado e aprobado polo Presidente:

# NORMAS TÉCNICAS

## NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA PARA APICULTURA E PRODUTOS DA APICULTURA



### ÍNDICE:

- 1.- OBXECTO
- 2.- ALCANCE
- 3.- REFERENCIAS
- 4.- REALIZACIÓN
  - 4.1. Normas Técnicas para apicultura e produtos da apicultura.
    - 4.01.01 Principios xerais.
    - 4.01.02 Colocación das colmeas.
    - 4.01.03 Características das colmeas e dos materiais utilizados.
    - 4.01.04 Produtos apícolas.

# 1.- OBXECTO.

O Consello das Comunidades Europeas aprobou, o 28 de Xuño de 2007, o Regulamento N° 834/2007 sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos polo que se deroga o Regulamento (CEE) n° 2092/91. O regulamento (CEE) n° 2092/91 queda derogado a partir do 1 de Xaneiro de 2009, e aplicábel a partir do 1 de Xaneiro de 2009 o Regulamento (CE) N° 834/2007.

As disposicións do Regulamento 834/2007 son as normas básicas para agricultura ecolóxica consensuadas a nivel comunitario. No Considerando (40), o Regulamento 834/2007 di textualmente: “En espera da adopción de normas comunitarias detalladas de produción para determinadas especies animais e plantas acuáticas e microalgas, convén que os Estados membros poidan dispoñer a aplicación de normas nacionais ou, a falta destas, normas privadas aceptadas ou recoñecidas polos Estados membros.”

A normativa europea complétase co Regulamento 889/2008 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 834/2008 do Consello, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, con respecto á produción ecolóxica, á súa etiquetaxe e ao seu control. Sen embargo, non se regulan todas as técnicas nin todos os produtos susceptíbeis de seren obtidos ou utilizados segundo o sistema de produción agroalimentario ecolóxico.

Por iso, mentres non se establezan as disposicións de aplicacións relativas á produción, elaboración, comercialización, etiquetaxe ou aos controis a nivel comunitario, serán de aplicación o presente Caderno de Normas Técnicas e as normas que se consensuaren a nivel estatal.

Os obxectivos destas Normas Técnicas da produción agraria ecolóxica son:

- Concretar certos aspectos normativos contemplados polo Regulamento (CE) 834/2007 e o Regulamento (CE) 889/2008, mais que non quedan suficientemente claros e dan pé a interpretacións diferentes.
- Estabelecer a normativa técnica aplicábel polos operadores a certas producións e en relación a certos aspectos técnicos non contemplados polo Regulamento (CE) 834/2007.
- Axustar a normativa que define o sistema de produción agroalimentaria ecolóxica ás características e especificidades propias da Comunidade Autónoma de Galiza.

## 2.- ALCANCE.

O C.R.A.E.G.A. recolle na súa acta do pleno do 28 de Marzo de 2008 a aprobación da inclusión na Organización Intereco.

A actual versión do Caderno de Normas Técnicas será de obrigado cumprimento, previa aprobación pola Consellaría competente en materia de agricultura e a súa aprobación no Pleno do C.R.A.E.G.A, para todas as persoas físicas ou xurídicas (dende agora, operadores) que interveñan na produción, elaboración, importación de países terceiros, almacenado ou comercializado dos produtos que deseguido se indican, sempre que estes produtos leven ou foren levar indicacións referentes ao método ecolóxico de produción, e até o momento en que estes produtos estiveren dispostos para a súa venda final ao consumidor nun envase ou recipiente que non permita a súa manipulación:

- a) Produtos agrícolas vexetais non transformados.
- b) Animais e produtos animais non transformados.
- c) Produtos vexetais de recolección silvestre.
- d) Produtos vexetais e animais transformados destinados á alimentación humana.
- e) Alimentos para animais, pensos compostos e materias primas para alimentación animal.
- f) Material de reprodución vexetativa e sementes para cultivo.

### 3.- REFERENCIAS.

- Procedemento Operativo de Calidade 04 “Procedemento de certificación e control”.
- Norma UNE – EN ISO/IEC 17065: “Requisitos para os organismos que certifican produtos, procesos e servizos”.
- Caderno Común de Normas Técnicas da Producción Agraria Ecolóxica (Ministerio de Medio Ambiente Rural e Mariño, Intereco).

## **4.- REALIZACIÓN.**

### **4.1. NORMAS TÉCNICAS PARA APICULTURA E PRODUTOS DA APICULTURA.**

#### **4.01.01 Principios xerais.**

##### **Identificación das colmeas e comunicación dos traslados.**

4.01.01.01 Ademais da identificación prevista pola normativa que rexe a ordenación das explotacións apícolas, todos os corpos de cría das colmeas inscritas deberán identificarse de xeito individual e de maneira indelével, cunha numeración propia correlativa. As numeracións das colmeas retiradas por envellecemento, destrución, enfermidade ou venda non se poderán utilizar para identificación das novas colmeas. Cando se superar o período de conversión das colmeas, ademais daquilo que se mencionou anteriormente, marcaranse cun precinto con numeración e logotipo da Autoridade de Control.

4.01.01.02 O apicultor terá que rexistrar a colocación das colmeas e a identificación das colmeas. Terá que informar á Autoridade de Control do traslado das colmeas nun prazo non superior aos 7 días.

#### **4.01.02 Colocación das colmeas.**

4.01.02.01 As colmeas só se poderán colocar sobre superficies agrarias cando estas estiveren inscritas no Rexistro de operadores da Autoridade de Control.

## **NORMAS TÉCNICAS**

### **NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA PARA APICULTURA E PRODUTOS DA APICULTURA**



4.01.02.02 Na colocación das colmeas:

- a) O Servizo de Sanidade Vexetal da Autoridade Competente terá que comprobar que no interior da área definida por un radio de 3 quilómetros ao redor do lugar de colocación non se realizasen tratamentos aéreos con produtos fitosanitarios non autorizados en produción ecolóxica, durante polo menos os últimos 3 anos.
- b) Terán que se manter lonxe de cultivos modificados de forma xenética, nunha distancia de 3 quilómetros.

#### **4.01.03 Características das colmeas e dos materiais utilizados.**

4.01.03.01 As colmeas terán que cumprir os requisitos seguintes:

- 1) Terán que estar fabricadas con madeira ou materiais tradicionais (cortiza, palla, barro, etc.).
- 2) Non se permiten as colmeas construídas con plástico, poliuretano ou fibra de vidro.

4.01.03.02 O revestimento exterior das colmeas deberá cumprir os seguintes requisitos:

- 1) Poderase utilizar aceite de liñaza, cera microcristalina e pinturas.
- 2) Os revestimentos exteriores con carbonilo e produtos que conteñen praguicidas quedan prohibidos.

#### **4.01.04 Produtos apícolas.**

##### **Medidas xerais durante a recolleita.**

4.01.04.01 Para o afumado, poderase utilizar combustíbel a base de vexetais secos mais que non sexan tóxicos, menos o tabaco e a esencia de mirbana (Nitrobenceno).

##### **Mel.**

4.01.04.02 A recolección do mel débese realizar cando os cadros estiveren convenientemente operculados.

4.01.04.03 Extracción e almacenado do mel:

- 1) Poderanse utilizar os materiais seguintes durante a extracción e o almacenado:
  - a) Aceiro inoxidable.
  - b) Decantadores ou maduradores metálicos recubertos con cera de abella.
  - c) Extractos, cuba para desopercular os accesorios en material de calidade alimenticia.
- 2) Non se permiten os maduradores de plástico, os accesorios de plástico non alimentarios e o uso de material galvanizado (aínda que estiver recuberto con cera de abellas).

# NORMAS TÉCNICAS

## NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA PARA APICULTURA E PRODUTOS DA APICULTURA



- 3) Nos locais de extracción estará prohibido fumar e deixar pasar os animais e persoas enfermas.
- 4) A extracción terase que realizar o antes posíbel despois da recolección, mediante sistemas de decantación, centrifugación ou prensado.
- 5) A temperatura do mel debe ser a máis baixa posíbel, e non sobrepasar os 40°C en ningún momento.
- 6) A almacenaxe realizarase protexida da luz en locais secos, ventilados e, preferentemente, a unha temperatura duns 18° C.

### 4.01.04.04 Envasado do mel:

- 1) O envasado realizarase despois de 4 días, como mínimo, de decantación no maduradoiro.
- 2) Poderanse utilizar os tipos de envase seguintes:
  - a) Tarros de vidro de peche hermético.
  - b) Tarros de cerámica con esmalte alimentario.
  - c) Envases metálicos recubertos con cera de abella.

### 4.01.04.05 Envasado do mel en panal:

- 1) Poderanse utilizar os tipos de envase seguintes:
  - a) Tarros de vidro de peche hermético.
  - b) Caixas de plástico, coa condición de envolver o panal con celofán.

## **Pole.**

### 4.01.04.06 Secado e limpeza do pole:

- 1) O secado realizarase á sombra ou en secadores de fontes de calor indirecta con termóstato, sen pasar dos 40°C de temperatura.
- 2) Para a limpeza, poderanse empregar os cribos, correntes de aire e máquinas que limpan co vento.

### 4.01.04.07 Almacenaxe do pole:

- 1) Levarase a cabo protexida da luz, en locais secos e ventilados.
- 2) Os envases de almacenaxe poderán ser bidóns herméticos de características similares aos envases do mel, ou envases de cartón duro e peche con béstas ou flexores.
- 3) Prohíbense os tratamentos con tetracloruro de carbono e outros produtos químicos.

## **Xelea real.**



## **NORMAS TÉCNICAS**

### **NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA PARA APICULTURA E PRODUTOS DA APICULTURA**



4.01.04.08 Para a produción da xelea real, as cúpulas ou realeiras terán que ser de cera de abella, ou estaren recubertas de cera de abella se foren de materiais artificiais.

4.01.04.09 Envasado da xelea real:

- 1) Realizaranse en envases de vidro escurecido con peche hermético.
- 2) Non se permiten os envases de plástico.
- 3) Os envases cheos conservaranse protexidos da luz en frigoríficos a unha temperatura entre 0 e 4°C.